

SUBSECTOR PERSOAL LABORAL DA AXE TROCO DE RÉXIME XURÍDICO

09/02/2024

Non era sen tempo.

Fai case 5 anos desde a entrada en vigor do IV Convenio, no que se creou unha clasificación específica para o persoal laboral con funcións de persoal funcionario (Anexo II), así mesmo, regulouse a necesidade de promover procesos de troco de réxime xurídico para o acceso destas persoas ós Corpos e Escalas de funcionarios/as de carreira correspondentes coas súas funcións. Para esta finalidade constituíuse un Grupo de Traballo no que chegamos a un acordo para o desenvolvemento destes procesos.

Foron moitos os agravios e retrasos na aplicación do acordado no IV Convenio durante estes anos (Concursos de traslados, xubilación parcial, promoción....). Tamén sufrimos a alarmante perda de efectivos sen reposición algunha, supoñendo un maior esforzo pola nosa parte para manter os Servizos Públicos, en peores condicións que outro persoal.

Pois ben, despois de case 5 anos, xa todos e todas máis maiores, por fin están en marcha os procesos de troco de réxime xurídico. Estas son as derradeiras novidades:

- O primeiro proceso para o grupo 4G está convocado, de aproximadamente 1600 efectivos, están inscritas 227 persoas (un 14%). É o que ten tanta tardanza, o persoal maioritariamente xa está pensando na xubilación. As probas están previstas para o mes de marzo deste ano.
- O proceso para o grupo 3G especialidade administración teñen pensado convocalo entre o mes de marzo e maio. Son máis de 1500 efectivos e accederán o Grupo C1 da Escala de Organismos Autónomos. A convocatoria e a formación a fará o INAP e consistirá nunha proba tipo test sobre 6 temas, e unha fase de concurso na que se valorará a antigüidade e a experiencia no posto.
- O Ministerio de Transición Ecolóxica vai a convocar con carácter inmediato e xunto coa Oferta Libre e a Promoción Interna o proceso para o persoal laboral coa especialidade de vixilancia medioambiental (343 postos). Como teñen a encomenda de xestión, convocan e realizan eles a formación. Todo segundo o contemplado no acordo de troco de réxime; 6 temas, reconversión do posto, voluntariedade....
- O INE tamén vai desenvolver o proceso para o persoal do 3G estatística, fará unha convocatoria específica entre abril e maio en condicións similares o resto de procedementos deste grupo profesional, accedendo ó corpo C1 especialidade estatística.
- No primeiro semestre deste ano tamén se convocaran os procesos para o resto de especialidades do 3G, principalmente as de informática e as do Ministerio de Cultura, pero aínda quedan algunhas cuestións por definir.

Lembrede que a participación é voluntaria, están comprometidas a lo menos tres convocatorias para cada grupo profesional, existe unha cláusula de garantía salarial e se reconverte o posto.

En vindeiras datas está previsto empezar tamén coas convocatorias dos grupos 2G e 1G.

Seguiremos informando.